

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de novembro de 2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Ordenación e Calidade
do Sistema Universitario de Galicia

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981545427 Fax: 981545422
Correo electrónico: dxu@edu.xunta.es

**23201. Datos estatísticos do Sistema Universitario de Galicia
(SUG).**

23202. Probas de acceso á universidade (PAAU).

PROXECTO TÉCNICO

Introdución

O Estatuto de autonomía de Galicia dispón no seu artigo 27, número 6, que á Comunidade Autónoma galega lle corresponde a competencia exclusiva da «estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega».

En aplicación deste artigo o Parlamento aprobou a Lei 9/1988, de estatística de Galicia, na que se regula a actividade estatística da Comunidade Autónoma, modificada polas leis 7/1993, 10/2001 e 16/2006. Nesta normativa establécese que o Plan galego de estatística é o instrumento da ordenación e planificación desta actividade, mediante a progresiva constitución do sistema estatístico, entendendo por tal o conxunto ordenado e integrado de métodos, procedementos e resultados dos seus diferentes axentes institucionais.

A Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011, inclúe dentro das súas metas, que constitúen obxectivos específicos de información, na sección 2.3. Educación e capital humano, que un dos obxectivos xerais é dispoñer da información básica sobre educación e formación, con especial incidencia na orientada á análise do fracaso escolar e que unha das súas metas de información é o ensino universitario, coa inclusión do acceso e da oferta e demanda de titulacións.

Estas metas serán satisfeitas mediante as operacións estatísticas, que son aquela actividade ou conxunto de actividades estatísticas nas que algunha das administracións públicas galegas participa cando menos nunha fase da súa elaboración, a maiores da de difusión.

No Decreto 68/2007, do 15 de marzo, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2007 figura que a actividade estatística: 2. Poboación e condicións sociais. Sección 2.3 Educación e capital humano. 2.3.2. Ensino universitario, coa inclusión do acceso e da oferta e demanda de titulacións. Esta actividade é responsabilidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG e é unha actividade estatística de orixe administrativa.

23201. Datos estatísticos do sistema universitario de Galicia ten por obxectivo coñecer as características e a evolución do sistema universitario de Galicia.

23202. Probas de acceso á universidade ten por obxectivo recompilar, sintetizar e difundir a información derivada das probas de acceso á universidade.

No Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria indícase que lle corresponde á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG realizar o mantemento e actualización do banco de datos para a elaboración de estatísticas do Sistema Universitario de Galicia, así mesmo,

correspóndelle á Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos da Secretaría Xeral a elaboración e explotación de estatísticas no eido educativo en Galicia.

Consonte a todo isto, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a redacción do presente proxecto técnico para esta actividade estatística.

Normativa e organización

Normativa

Leis

Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades. BOE do 13 de abril de 2007.

Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. BOE do 1 de xaneiro de 2002.

Lei orgánica 11/1983, do 25 de Agosto, da Reforma Universitaria. BOE do 1 de Setembro de 1983.

Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia (LOSUG). DOG do 16 de agosto de 1989.

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. BOE do 4 de maio de 2006.

Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. BOE do 4 de outubro de 1990.

Universidades do SUG

Estatuto da Universidade da Coruña. Decreto 101/2004, do 13 de maio. DOG do 26 de maio de 2004. Modificado por:

- Decreto 194/2007, do 11 de outubro. DOG do 17 de outubro de 2007.

Estatuto da Universidade de Santiago de Compostela. Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro. DOG do 9 de Febreiro de 2004.

Estatuto da Universidade de Vigo. Decreto 421/2003, do 13 de Novembro. DOG do 5 de decembro de 2003.

Consello de Coordinación Universitaria

Real Decreto 1504/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Coordinación Universitaria. BOE do 6 de decembro de 2003.

Resolución da Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, pola que se ditan as normas para a realización da estatística universitaria. Ano académico 2006-2007.

Centros universitarios

Real Decreto 557/1991, de 12 de abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios. BOE do 20 de abril de 1991. Ampliado polo Real Decreto 485/1995, de 7 de abril,. BOE do 28 de abril de 1995

Departamentos

Real Decreto 2360/1984, do 12 de Decembro, sobre Departamentos Universitarios. BOE do 14 de Xaneiro de 1985. Modificado polo Real Decreto 1173/1987, do 25 de Setembro. BOE do 29 de Setembro de 1987.

Títulos de 1º e 2º ciclo

Real Decreto 1497/1987, de 27 de novembro polo que se establecen directrices xerais comúns dos plans de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. BOE de 14 de decembro de 1987. BOE do 14 de decembro de 1987. Modificado por:

- Real Decreto 1267/1994, de 10 de xuño. BOE do 11 de xuño de 1994.
- Real Decreto 2347/1996, de 8 de novembro. BOE do 23 de novembro de 1996.
- Real Decreto 614/1997, de 25 de abril . BOE do 16 de maio de 1997.
- Real Decreto 779/1998, do 30 de abril. BOE de 1 de maio de 1995.

Títulos de 3º ciclo

Real Decreto 778/1998, do 30 de abril, que regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de doutor e outros estudos de posgrao.

Programas oficiais de posgrao (POP)

Real Decreto 56/2005, de 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de Posgrao. BOE do 25 de xaneiro de 2005. Modificado por:

- Real Decreto 1509/2005, de 16 de decembro. BOE do 20 de decembro de 2005.
- Real Decreto 189/2007, de 9 de febreiro. BOE do 10 de febreiro de 2007.

Bolsas e axudas

Orde ECI/2128/2007, de 18 de xuño, pola que se convocan bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral, para o curso académico 2007-2008, para alumnos de niveis postobrigatorios non universitarios e para universitarios que cursan estudos na súa Comunidade Autónoma. BOE do 14 de xullo de 2007. www.mec.es/mecd/becas/

As convocatorias anuais de bolsas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pódense consultar no portal educativo www.edu.xunta.es Consellería - Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG - Bolsas e axudas

PAAU e acceso

Real Decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que regula a proba de acceso a estudos universitarios. BOE do 27 de outubro de 1999. Modificado polo Real Decreto 990/2000, do 2 de xuño. BOE do 3 de xuño de 1999.

Orde do 8 de febreiro de 2007, pola que se regulan as probas de acceso á universidade para os alumnos que cursaron as ensinanzas de bacharelato previstas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 1 de marzo de 2007. Máis información en ciug.cesga.es.

Real Decreto 69/2000, do 21 de xaneiro, sobre procedementos de selección para o ingreso en centros universitarios. BOE do 22 de xaneiro de 2000.

Orde do 9 de febreiro de 2007 pola que se regula o proceso de incorporación para o curso 2007-2008 dos estudantes ao nivel universitario do ensino nos centros das tres universidades galegas. DOG do 1 de marzo de 2007. Máis información en ciug.cesga.es.

Real Decreto 743/2003, de 20 de xuño, polo que se regula a proba de acceso á universidade dos maiores de 25 anos. BOE do 4 de xullo de 2003.

Persoal docente e investigador

Real Decreto 898/1985, de 30 de abril, sobre réxime do profesorado universitario. BOE do 19 de xuño de 1985. Modificado polo Real Decreto 1200/1986, de 13 de xuño. BOE do 25 de xuño de 1986.


Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario. DOG do 17 de setembro de 2002.

Persoal de administración e servizos

Lei de Funcionarios Cívís do Estado, aprobada polo decreto 315/1964, de 7 de febreiro.

Lei 4/1988 do 26 de Maio de 1988, da Función Pública de Galicia e as súas posteriores modificacións.

Organización



A Consellería de Educación e Ordenación universitaria presta os servizos de apoio ao sistema universitario de Galicia (SASUG) a través do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Para realizar a xestión informática da elaboración da estatística do SUG a consellería realiza a contratación do persoal necesario, a través da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos.

A Consellería de Educación Universitaria e as tres universidades coordínanse para analizar e deseñar os arquivos que deben enviar, tamén acordan a temporalización.

Unidades estatísticas

A definición das unidades descríbense no Anexo II: Conceptos básicos e definicións.

As unidades estatísticas obxecto de análise nesta actividade estatística son as seguintes:

Universidades

Universidades do SUG.

Campus

Campus das universidades do SUG.

Centros universitarios

Centros universitarios das universidades do SUG.

Departamentos

Departamentos das universidades do SUG.

Títulos universitarios

Títulos universitarios ofertados polas universidades do SUG: títulos de 1º e 2º ciclo, títulos de 3º ciclo e programas oficiais de posgrao.

Alumnado de 1º e 2º ciclo

Alumnado de primeiro e segundo ciclo matriculado nas universidades do SUG con data de referencia 15 de marzo do segundo ano dos dous anos naturais que compoñen o ano académico. A efectos desta estatística, terase en conta a solicitude de matrícula, aínda que o alumno non chegue a formalizala.

Graduados de 1º e 2º ciclo nas universidades do SUG ao concluir o ano académico e antes do 30 de setembro. Non inclúe aos alumnos que se gradúen tras unha convocatoria extraordinaria no mes de decembro ou no mes de febreiro do seguinte ano, en ambos casos eses graduados incorporaranse na estatística de graduados do seguinte ano académico.

Alumnado de 3º ciclo

Alumnado de terceiro ciclo matriculado nas universidades do SUG con data de referencia 15 de marzo do segundo ano dos dous anos naturais que compoñen o ano académico. A efectos desta estatística, terase en conta a solicitude de matrícula, aínda que o alumno non chegue a formalizala.

Graduados de terceiro ciclo que completaron os créditos docentes e de investigación dos programas de doutorado nas universidades do SUG, así como aqueles alumnos que aprobaran a tese no ano académico.

Alumnado de programas oficiais de posgrao

Alumnado matriculado en programas oficiais de posgrao, tanto másteres como doutoramento.

Alumnado graduado en programas oficiais de posgrao (máster).

Bolsas e axudas

Alumnado que goza dunha bolsa de estudos.

Alumnado matriculado nas PAAU

Alumnado matriculado nas probas de acceso á universidade (PAAU) de bacharelato e de maiores de 25 anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Persoal Docente e Investigador (PDI)

Profesores que integran o persoal docente e investigador das universidades do SUG.

Persoal de Administración e Servizos (PAS)

Persoas contratadas polas universidades do SUG para realizar funcións de apoio e xestión.

Variables estatísticas

A definición das variables recóllese no Anexoll: Conceptos básicos e definicións.

A maior parte dos valores das variables recóllense no Anexo III: Códigos, os demais están na resolución do ano académico en curso da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria.

As variables obxecto de análise nesta actividade estatística son as seguintes:

Universidade.

Campus.

Centro universitario.

Tipo de centro.

Réxime xurídico do centro.

Rama de ensinanza.

Título universitario.

Plan de estudos.

Ciclo.

Curso.

Ano académico.

Ano de nacemento.

Sexo.

Continente.

País.

Provincia.

Bolsa de estudos.

Tempo efectivo de graduación.

Tese.

Convocatorias das PAAU.

Vías das PAAU.

Materias das PAAU.

Cualificacións das PAAU.

Aptos nas PAAU.

Tipo de acceso ao SUG.

Tipo de acceso ao estudo que cursa actualmente.

Tipo de acceso ao centro no que está matriculado actualmente.

Tipo de acceso aos estudos de 2º ciclo.

Referencia ao último ano de secundaria: Si/Non.

Nota de acceso ao estudo.

Tipo de centro de secundaria.

Departamento.

Áreas de coñecemento.

Situación administrativa.

Réxime xurídico.

Categoría profesional.

Doutor.

Dedicación docente.

Procesamento de datos

Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

Universidades, campus, centros universitarios, departamentos universitarios e ensinanzas universitarias.

Alumnos matriculados nos estudos conducentes a títulos oficiais de primeiro e segundo ciclo.

Alumnos matriculados nos estudos conducentes a títulos oficiais de terceiro ciclo (exclusivamente programas de doutoramento) ou teñan inscrita a tese doutoral.

Alumnos graduados nos estudos conducentes a títulos oficiais de primeiro e segundo ciclo ou títulos propios (curso anterior).

Alumnos graduados nos estudos conducentes a títulos oficiais de terceiro ciclo ou leran a súa tese (curso anterior).

Alumnos matriculados en estudos universitarios oficiais de posgrao (másteres e doutoramento).

Alumnos graduados en programas oficiais de posgrao (máster, curso anterior).

Alumnos matriculados nas PAAU (curso anterior).

Persoal docente e investigador das universidades.

Persoal de administración e servizos das universidades.

Ámbito xeográfico

As universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Ámbito temporal

O proceso de obtención dos datos é anual. Este proceso iníciase co comezo do ano académico universitario, sobre finais de setembro ou primeiros de outubro, e remata a mediados de marzo.

Recollida e envío da información

O método seguido para a recollida de datos da estatística universitaria basease nas distintas resolucións da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria.

Esta actividade estatística do Sistema Universitario de Galicia require a achega de datos por parte das tres universidades que o compoñen e que contan con programas conducentes á obtención de títulos oficiais.

Co obxectivo de ter una visión global das universidades do SUG nun momento temporal concreto, estas recollerán a información en catro fases:

O día 20 de outubro os datos agregados de alumnado, PDI e PAS. Os datos dos graduados serán os do curso anterior.

O día 31 de outubro os datos agregados de alumnos que acceden por primeira vez a títulos de 1º e 2º ciclo.

O día 15 de xaneiro os datos individuais de: campus, profesores, departamentos, áreas de coñecemento de cada departamento, persoal de administración e servizos e centros de traballo.

O día 15 de marzo os datos individuais do alumnado, centros universitarios, títulos e títulos dos centros e os agregados de bolsas do MEC.

Os datos agregados almacenaranse nas follas de cálculo deseñadas para o efecto.

A información individual do alumnado almacenarase en táboas coa estrutura da resolución do ano académico en curso da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria, as demais, coa estrutura do epígrafe Táboas e tendo en conta a codificación que se proporciona no Anexo III: Códigos.

A información extraeráse dos rexistros administrativos da universidade, nóminas, etc, nas datas indicadas.

Os nomes dos arquivos cos datos empezarán por aaaa-xx, onde aaaa é o primeiro ano dos dous anos naturais que compoñen o ano académico e xx é o código da universidade.

As táboas cos datos agregados almacenaranse en seis follas de cálculo que se nomearán do seguinte xeito:

	Nome
Alumnado	aaaa-xx-alumnado.xls
Acceso	aaaa-xx-acceso1sl.xls
	aaaa-xx-acceso2.xls
Bolsas	aaaa-xx-bolsasmec.xls
PDI	aaaa-xx-pdi.xls
PAS	aaaa-xx-pas.xls

Os arquivos coa información individualizada serán de texto en formato plano, é dicir, a estrutura dos ficheiros son liñas con datos, cada unha delas terá a mesma lonxitude e correspóndese cun rexistro. Xeraranse dezaseis arquivos cos seguintes nomes:

Colectivo	Nome
Campus	aaaa-xx-campus.txt
Alumnos matriculados en 1º e 2º ciclo	aaaa-xx-alumnosmat12.txt
Alumnos graduados en 1º e 2º ciclo	aaaa-xx-alumnosgrad12.txt
Alumnos matriculados en 3º ciclo	aaaa-xx-alumnosmat3.txt
Alumnos graduados en 3º ciclo	aaaa-xx-alumnosgrad3.txt
Alumnos de posgrao	aaaa-xx-alumnosmatpop.txt
Centros universitarios	aaaa-xx-centros.txt
Centros-Títulos 1º e 2º ciclo	aaaa-xx-centros-titulos12.txt
Títulos de 1º e 2º ciclo	aaaa-xx-titulos12.txt
Títulos de 3º ciclo	aaaa-xx-titulos3.txt
Programas oficiais de posgrao	aaaa-xx-pop.txt
Persoal docente e investigador	aaaa-xx-pdi.txt
Departamentos	aaaa-xx-departamentos.txt
Áreas de coñecemento-Departamentos	aaaa-xx-areas-departamentos.txt
Persoal de administración e servizos	aaaa-xx-pas.txt
Centros de traballo	aaaa-xx-centrostraballo.txt

Exemplos: 2005-07-alumnosmat12.txt, 2006-37-pdi.txt, 2007-38.pas.txt.

As táboas de alumnos graduados serán as do ano académico anterior.

Os cambios nos datos de centros, departamentos e ensinanzas de cada ano académico, obteranse da información da que dispón a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG a medida que se produzan, sen periodicidade establecida.

Os datos de bolsas da Consellería de Educación obtéranse da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG a medida que se produzan.

Os datos de acceso a titulacións con límite de prazas e das PAAU obtéranse das bases de datos dos servizos de apoio ao Sistema Universitario de Galicia (SASUGA).

A universidades enviarán estes arquivos á conta de correo electrónico estadistica.sug@edu.xunta.es e en CD á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG. Ademais enviarán copia da resolución do ano académico en curso da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria.

Os arquivos cos datos enviaranse nas seguintes datas:

Datos agregados: a final do mes de outubro, agás os de bolsas do MEC, que se enviará a final do mes de marzo.

Datos individuais:

- PDI e PAS: a final do mes de xaneiro
- Alumnos: a final do mes de marzo.

Depuración e imputación dos datos

Os arquivos coa información individual depúranse mediante unha aplicación de Visual Basic (Validafich) . Esta depuración consiste en comprobar:

A mesma lonxitude de liña de todos os rexistros.

Os campos numéricos e de texto.

Que os códigos dos campos de cada táboa son correctos (mediante táboas de validación). Os códigos que relacionan as táboas entre si compróbanse despois de cargar a información na base de datos.

A continuación créanse uns novos arquivos nos que os campos están separados polo carácter “|” (código ASCII 124). Nalgunhas táboas engádese ao principio de cada rexistro un novo campo co código do ano académico ao que pertencen os datos co fin de diferenciar os rexistros de cada ano..

Despois cárganse os datos nunha base de datos e mediante a execución dunha serie de consultas depúranse os códigos que relacionan as táboas entre si.

A depuración que se fai en cada táboa figura no epígrafe 4.4. Táboas.

Unha vez realizadas todas as consultas, realízase unha comprobación dos datos individuais cos datos agregados recibidos no mes de outubro e cos datos de anos anteriores, para detectar posibles incoherencias ou erros cometidos.

A única imputación que se realiza é a corrección de códigos descoñecidos, e sempre despois de consultar á propia universidade.

Táboas

Campus

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código do campus	Numérico	2
3	Denominación do campus	Texto	40
		Total	44

Comprobacións

Código de universidade e campus non nulo e válido.

Alumnos matriculados en títulos de 1º e 2º ciclo

A estrutura da táboa coincidirá coa da resolución do ano académico en curso da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria.

Comprobacións

Código de Tipo plan "1" plan estruturado en créditos:

- Materias anuais aprobadas = "99".
- Materias cuatrimestrais aprobadas = "99".
- Materias anuais matriculado = "99".

Código de Tipo plan "2" plan non estruturado en créditos:

- Parte enteira créditos aprobados = "999".
- Parte decimal créditos aprobados = "0".
- Parte enteira créditos matriculados = "999".
- Parte decimal créditos matriculados = "0".

Se o alumno non se matriculou nunca en complementos de formación:

- Parte enteira créditos aprobados complementos de formación = "999".

- Parte enteira créditos matriculados complementos de formación = “999”.
- Parte decimal créditos aprobados complementos de formación = “0”.
- Parte decimal créditos matriculados complementos de formación = “0”.

Ano de nacemento con formato ‘aaaa’.

Código de nacionalidade válido.

Código de sexo válido.

Código de país do domicilio habitual válido.

Ano académico de acceso ó nivel universitario con formato ‘aaaa’.

Ano académico no que comezou os estudos no que está matriculado con formato ‘aaaa’.

Ano académico de ingreso no centro no que está matriculado con formato ‘aaaa’.

Código estudos do pai válido.

Código de estudos da nai válido.

Código do traballo do pai válido.

Código do traballo da nai válido.

Código do traballo remunerado do alumno válido.

Código de tipo de acceso ao sistema universitario válido.

Código de tipo de acceso no estudo válido.

Código de tipo de acceso no centro válido.

Código de tipo de acceso ao 2º ciclo válido.

Código de estudos completados polo alumno válido.

Código do curso máis elevado no que se matricula válido.

Código do ciclo máis elevado no que se matricula válido.

Código de referencia último ano secundaria válido.

Código de tipo centro secundaria válido.

Código de país do centro no que cursou o último ano de secundaria.

Ano de comezo do plan con formato ‘aaaa’.

Código de familia numerosa válido.

Código de bolseiro válido.

Código de procedencia da bolsa válido.

Códigos de universidade, centro e ensinanza/plan non nulos e válidos.

Alumnos graduados en títulos de 1º e 2º ciclo

A estrutura da táboa coincidirá coa da resolución do ano académico en curso da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria.

Comprobacións

Código de situación académica válido.

Código de proxecto fin carreira válido.

Ano nacemento con formato "aaaa".

Código de nacionalidade válido.

Código de sexo válido.

Ano académico comezo estudo con formato "aaaa".

Ano ingreso nivel universitario con formato "aaaa".

Ano comezo plan de estudos con formato "aaaa".

Código de bolseiro válido.

Código de procedencia da bolsa válido.

Código de país do domicilio habitual válido.

Códigos de universidade, centro, ensinanza/plan non nulos e válidos.

Alumnos matriculados en títulos de 3º ciclo

A estrutura da táboa coincidirá coa da resolución do ano académico en curso da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria.

Comprobacións

Ano de nacemento con formato 'aaaa'.

Código de nacionalidade válido.

Código de sexo válido.

Código de país do domicilio habitual válido.

Ano académico de ingreso en 3º ciclo con formato 'aaaa'.

Ano académico comezo programa de doutoramento con formato "aaaa".

Código de título universitario co que accede válido.

Ano académico de finalización deses estudos universitarios con formato “aaaa”.

Código de universidade na que finalizou eses estudos universitarios válido.

Código de país no que finalizou eses estudos universitarios válido.

Código de posuír outro título de ensinanza superior válido.

Código de relación alumno-universidade válido.

Código de traballo remunerado válido.

Código de rama de ensinanza válido.

Código de situación académica válido.

Ano de inscrición da tese con formato “aaaa”.

Código de bolseiro válido.

Código de procedencia da bolsa válido.

Códigos de universidade e departamento non nulos e válidos.

Alumnos graduados en títulos de 3º ciclo

A estrutura da táboa coincidirá coa da resolución do ano académico en curso da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria.

Comprobacións

Ano de nacemento con formato “aaaa”.

Código de nacionalidade válido.

Código de sexo válido.

Ano académico de comezo do programa de 3º ciclo con formato ‘aaa’.

Ano académico nos que completou os créditos con formato “aaaa”.

Ano académico no que obtivo o Diploma de Estudos Avanzados (DEA).

Ano académico de inscrición de tese con formato “aaaa”.

Código de lectura tese válido.

Código de bolseiro válido.

Código de procedencia da bolsa válido.

Códigos de universidade, departamento e programa de doutoramento non nulos e válidos.

Alumnos matriculados en programas oficiais de posgrao

A estrutura da táboa coincidirá coa da resolución do ano académico en curso da Secretaría Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se ditan normas para a realización da estatística universitaria do Consello de Coordinación Universitaria.

Comprobacións

Ano de nacemento con formato 'aaaa'.

Código de nacionalidade válido.

Código de sexo válido.

Código de país do domicilio habitual válido.

Ano académico de ingreso no programa de posgrao no que está matriculado con formato 'aaaa'.

Ano académico de ingreso no máster ou doutorado no que está matriculado con formato 'aaaa'.

Código de rama de ensinanza válido.

Código de título universitario co que accede válido.

Ano académico de finalización deses estudos universitarios con formato "aaaa".

Código de universidade na que finalizou eses estudos universitarios válido.

Código de país no que finalizou eses estudos universitarios válido.

Código de relación alumno-universidade válido.

Código de traballo remunerado válido.

Código de bolseiro válido.

Código de procedencia da bolsa válido.

Códigos de universidade, programa de posgrao, tipo de posgrao, máster e doutoramento non nulos e válidos.

Centros

Contén información de todos os centros universitarios do SUG onde se imparten programas conducentes á obtención de títulos oficiais.

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código de campus	Numérico	2
3	Código de centro	Numérico	10
4	Nome do centro	Texto	40
5	Código de tipo de centro	Numérico	1
6	Código de réxime xurídico do centro	Numérico	1
7	Entidade titular do centro	Texto	45
8	Código de tipo de entidade titular	Numérico	1

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
9	Código de cualificación xurídica da entidade titular	Numérico	1
		Total	103

Comprobacións

Denominación específica do centro non branco.

Código do tipo centro válido.

Código de réxime xurídico válido.

Código de tipo de entidade titular válido.

Código de cualificación xurídica da entidade titular válido.

Códigos de universidade, campus e centro non nulos e válidos.

Títulos de 1º e 2º ciclo dos centros

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código do título	Numérico	12
3	Código do centro	Numérico	8
4	Código do plan	Numérico	1
5	Código de ciclo	Numérico	1
6	Ano de inicio do estudo	Numérico	4
7	Parte enteira do número total de créditos	Numérico	3
8	Parte decimal do número total de créditos	Numérico	1
9	Parte enteira do número de créditos de 1º ciclo	Numérico	3
10	Parte decimal do número de créditos de 1º ciclo	Numérico	1
11	Parte enteira do número de créditos del 2º ciclo	Numérico	3
12	Parte decimal do número de créditos de 2º ciclo	Numérico	1
13	Número de materias anuais	Numérico	2
14	Número de materias cuadrimestrais	Numérico	2
15	Número de anos do plan	Numérico	1
		Total	45

Comprobacións

Se o código do plan é "1": Plan estruturado en créditos, comproba que o Número total créditos sexa igual á suma de Número de créditos de 1º ciclo e Número de créditos del 2º ciclo. A suma ten que ser maior que 0.

Se o código do plan é "2", a suma de Número de créditos de 1º ciclo e Número de créditos del 2º ciclo debe ser 0.

Códigos de universidade, título, centro, plan e ciclo non nulos e válidos.

Títulos universitarios de 1º e 2º ciclo

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código do título	Numérico	12

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
2	Código plan	Numérico	1
3	Código ciclo	Numérico	1
4	Nome do título	Texto	75
		Total	89

Comprobacións

Códigos de título, plan e ciclo non nulos e válidos.

Títulos universitarios de 3º ciclo

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código do departamento	Numérico	3
3	Código do programa de doutoramento	Numérico	2
4	Nome do programa de doutoramento	Texto	50
		Total	57

Comprobacións

Códigos de universidade, departamento e código de programa de doutoramento non nulos e válidos.

Programas oficiais de posgrao

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código do programa de posgrao	Numérico	8
3	Nome do programa de posgrao	Texto	50
4	Código de tipo de posgrao	Numérico	1
5	Código do máster/doutor	Numérico	7
6	Nome do máster/doutor	Texto	50
		Total	118

Comprobacións

Códigos de universidade, programa de posgrao, tipo de posgrao e máster/doutor non nulos e válidos.

Persoal docente e investigador

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código do departamento	Numérico	3
3	Código da área de coñecemento	Numérico	3
4	NIF/Pasaporte	Texto	15
5	Sexo	Numérico	1
6	Ano de nacemento	Numérico	4
7	Código de nacionalidade	Numérico	3
8	Código de situación administrativa	Numérico	1

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
9	Código de tipo de réxime xurídico	Numérico	1
10	Código de categoría	Numérico	2
11	Código de posesión do título de doutor/a	Numérico	1
12	Ano de expedición do título de doutor/a	Numérico	4
13	Código dedicación docente ou xornada de traballo	Numérico	1
		Total	41

Comprobacións

Código de sexo válido.

Ano de nacemento con formato "aaaa".

Código de nacionalidade válido.

Código de situación administrativa válido.

Código de tipo de réxime xurídico válido.

Código de categoría válido.

Código de nivel válido.

Código de posesión do título de doutor/a válido.

Ano de expedición do título de doutor/a con formato "aaaa".

Código de dedicación docente válido.

Correspondencia entre "réxime xurídico" e "categoría":

- Se o código da categoría é igual a "01", "02", "03", "04" (funcionarios) o código de réxime xurídico ten que ser "1" ou "2".
- Se o código da categoría é igual a "05", "06", "07", "08", "09", "10", "11", "12", "13" (laborais) o código de réxime xurídico ten que ser "03" ou "04".

Códigos de universidade, departamento e área de coñecemento non nulos e válidos.

Departamentos

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código do departamento	Numérico	3
3	Denominación do departamento	Texto	40
		Total	45

Comprobacións

Códigos de universidade e departamento non nulos e válidos.

Áreas de coñecemento de cada departamento

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código do departamento	Numérico	3
3	Código da area de coñecemento	Numérico	3
4	Denominación da área de coñecemento	Texto	40
		Total	48

Comprobacións

Códigos de universidade, departamento e área de coñecemento non nulos e válidos.

Persoal de administración e servizos

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código da unidade de traballo	Numérico	5
3	NIF/Pasaporte	Alfanumérico	15
4	Sexo	Numérico	1
5	Ano de nacemento	Numérico	4
6	Código de nacionalidade	Numérico	3
7	Código de situación administrativa	Numérico	1
8	Código de tipo de réxime xurídico	Numérico	1
9	Código de categoría	Numérico	2
		Total	33

Comprobacións

Código de situación administrativa válido.

Código de tipo de réxime xurídico válido.

Código de categoría válido.

Correspondencia entre "réxime xurídico" e "categoría":

- Se o código da categoría é igual a "01", "02", "03", "04" ou "05" (funcionarios) o código de réxime xurídico ten que ser "1" ou "2".
- Se o código da categoría é igual a "06", "07", "08", "09", "10", "11", "12" ou "13" (laborais) o código de réxime xurídico ten que ser "03" ou "04".
- Se o código de categoría é igual a "F" (persoal alta dirección) o código de

Códigos de universidade e unidade de traballo non nulos e válidos.

Centros de traballo

Nº	Contido	Tipo datos	Tamaño
1	Código da universidade	Numérico	2
2	Código do campus	Numérico	2
3	Código do centro de traballo	Numérico	5
4	Denominación do centro de traballo	Texto	40
		Total	49

Comprobacións

Códigos de universidade, campus e centros de traballo non nulos e válidos.

Deseño da explotación dos datos do rexistro

Variables

As novas variables que se definen como resultado da explotación recóllense no Anexoll: Conceptos básicos e definicións.

Agrupación da información

Certa información presentarase agrupada do seguinte xeito:

Idade dos alumnos matriculados en títulos de 1º e 2º ciclo. Unha titulación de 1º ciclo dura 3 anos e unha de 1º e 2º ciclo 4-5-6 anos, e hai que considerar que poden repetir algún curso ou incorporarse á universidade tardiamente.

- De 18 a 20 anos.
- De 21 a 24 anos.
- De 25 a 30 anos.
- Máis de 30 anos.

Idade dos alumnos matriculados en títulos de 3º ciclo. Para matricularse nun título de 3º ciclo é necesario un de 1º e 2º ciclo (21 anos en diante).

- De 21 a 30 anos.
- De 31 a 40 anos.
- Máis de 40 anos.

Idade dos alumnos graduados en títulos de 1º e 2º ciclo e 3º ciclo. Pode haber graduados de 1º ciclo con 20 anos, de 1º e 2º ciclo con 21 e de 3º ciclo con 23.

- Menos de 25 anos.
- De 25 a 30 anos.
- De 31 a 40 anos.
- Máis de 40 anos.

Idade do PDI e do PAS. Agrúpanse en decenios.

Tempo efectivo de graduación. Unha titulación de 1º ciclo dura 3 anos, unha de 1º e 2º ciclo 4-5-6 anos e as de só 2º ciclo e 3º ciclo 2 anos.

- 1º ciclo: 3 anos, 4-5 anos ou máis de 5 anos.
- 1º e 2º ciclo: 4 anos, 5-6 anos, 7-8-9 anos ou máis de 9 anos.
- Só 2º ciclo: 2 anos, 3 anos ou máis de 3 anos.
- 3º ciclo: 2 anos, 3 anos ou máis de 3 anos.

Nacionalidade. Español ou non, e no caso de ser estranxeiro, de que continente.

Residencia familiar.

- Galicia.
 - Provincia.
- Resto de España.
- Estranxeiros.
 - Continente.

Presentación dos datos

Os datos avance serán os que se obteñan dos cadros resumo que envían as universidades no mes de outubro e os datos definitivos os que se obteñan dos datos individuais no mes de marzo.

Explotación dos datos

A explotación dos datos estatísticos do SUG dividirase en tres apartados:

Datos estatísticos do SUG: estudo estatístico do SUG do ano académico en curso.

PAAU: estudo estatístico das probas de acceso á universidade.

Evolución do SUG: evolución dos datos estatísticos máis relevantes do SUG dende a súa creación.

As táboas da explotación de datos relaciónanse no anexo I.

Datos estatísticos do SUG

Universidades

Campus.

Centros.

Departamentos.

Áreas de coñecemento.

Títulos de 1º e 2º ciclo.

Títulos con límite de prazas.

Títulos de 3º ciclo.

POP. Máster.

POP. Doutoramento.

Alumnos que acceden a un 1º ciclo.

Alumnos que acceden a un 2º ciclo.

Alumnos matriculados en títulos de 1º e 2º ciclo.

Alumnos graduados en títulos de 1º e 2º ciclo (curso anterior).

Alumnos matriculados en títulos de 3º ciclo.

Alumnos graduados en títulos de 3º ciclo (curso anterior).

Teses lidas.

Alumnos matriculados en POP. Máster.

Alumnos graduados en POP. Máster (curso anterior).

Alumnos matriculados en POP. Doutoramento.

Bolseiros.

PDI.

PAS.

Campus

Centros.

Departamentos.

Áreas de coñecemento.

Títulos de 1º e 2º ciclo.

Títulos con límite de prazas.

Títulos de 3º ciclo.

POP. Máster.

POP. Doutoramento.

Alumnos que acceden a un 1º ciclo.

Alumnos que acceden a un 2º ciclo.

Alumnos matriculados en títulos de 1º e 2º ciclo.

Alumnos graduados en títulos de 1º e 2º ciclo (curso anterior).

Alumnos matriculados en títulos de 3º ciclo.

Teses lidas (curso anterior).

Alumnos graduados en títulos de 3º ciclo (curso anterior).

Alumnos matriculados en POP. Máster.

Alumnos graduados en POP. Máster (curso anterior).

Alumnos matriculados en POP. Doutoramento.

Bolseiros.

PDI.

PAS.

Centros

Centros universitarios por universidade e:

- Tipo de centro.
- Réxime xurídico do centro .

Alumnos que acceden a un título de 1º e 2º ciclo por universidade e:

- Tipo de centro.
- Réxime xurídico do centro .

Matriculados en títulos de 1º e 2º ciclo por universidade e:

- Tipo de centro.
- Réxime xurídico do centro.

Graduados en títulos de 1º e 2º ciclo (curso anterior) por universidade e:

- Tipo de centro.
- Réxime xurídico do centro.

Departamentos

Media de profesores.

Media de alumnos de 3º ciclo.

Media de áreas de coñecemento.

Títulos universitarios

Títulos de 1º e 2º ciclo.

- Catálogo de títulos universitarios do SUG e do SUE por:
 - Rama de ensinanza.
 - Ciclo.
- Títulos de 1º e 2º ciclo por universidade e:
 - Rama de ensinanza.
 - Ciclo.
- Títulos de 1º e 2º ciclo. Acceso a 1º ciclo por universidade e:
 - Límite de prazas.
 - Rama de ensinanza.
 - Ciclo.
- Títulos de 1º e 2º ciclo. Acceso a 2º ciclo por universidade e:
 - Límite de prazas.
 - Rama de ensinanza.
 - Ciclo.
- Alumnos que acceden a 1º ciclo por universidade e:
 - Límite de prazas.
 - Rama de ensinanza.
 - Ciclo.
 - Tipo de acceso.
 - Tipo de centro de acceso.
- Alumnos que acceden a 1º ciclo con límite de prazas por universidade e:
 - Prazas ofertadas/solicitadas/matriculadas.
 - Preferencia de matrícula.
- Alumnos que acceden a 2º ciclo por universidade e:
 - Límite de prazas.
 - Rama de ensinanza.
 - Ciclo.
- Alumnos matriculados en títulos de 1º e 2º ciclo por universidade e:
 - Rama de ensinanza.
 - Ciclo.

- Ciclo curto. 1º ciclo e:
 - Curso.
 - Idade.
- Ciclo longo. 1º-2º ciclo e:
 - Curso.
 - Idade.
- Ciclo longo. Só 2º ciclo e:
 - Curso.
 - Idade.
- Alumnos graduados en títulos de 1º e 2º ciclo (curso anterior) por universidade e:
 - Rama de ensinanza.
 - Ciclo.
 - Idade.
 - Ciclo e tempo efectivo de graduación.
- Bolseiros de títulos de 1º e 2º ciclo por universidade, entidade que a concede e:
 - Solicitadas/denegadas.
 - Tipo de bolsa.
- Importe das bolsas de títulos de 1º e 2º ciclo por universidade, entidade que a concede e tipo de bolsa.

Títulos de 3º ciclo.

- Títulos de 3º ciclo por universidade e rama de ensinanza.
- Alumnos matriculados en títulos de 3º ciclo por universidade e:
 - Rama de ensinanza.
 - Idade.
- Alumnos graduados en títulos de 3º ciclo (curso anterior) por universidade e:
 - Rama de ensinanza.
 - Idade.
 - Tempo efectivo de graduación.
- Alumnos con tese inscrita/lida (curso anterior) por universidade e rama de ensinanza.
- Bolseiros de títulos de 3º ciclo por universidade, entidade que a concede e:

- Solicitadas/denegadas.
- Tipo de bolsa.
- Importe das bolsas de títulos de 3º ciclo por universidade, entidade que a concede e tipo de bolsa.

Programas oficiais de posgraao.

- Máster.
 - Títulos de máster por universidade.
 - Alumnos matriculados en máster por universidade e idade.
 - Alumnos graduados en máster (curso anterior).
 - Boleiros de títulos de máster por universidade, entidade que a concede e:
 - Solicitadas/denegadas.
 - Tipo de bolsa.
 - Importe das bolsas de de títulos de máster por universidade, entidade que a concede e tipo de bolsa.
- Doutoramento.
 - Títulos de doutoramento por universidade.
 - Alumnos matriculados en doutoramento por universidade e idade.

Alumnos de títulos de 1º e 2º ciclo

Acceso de alumnos a 1º ciclo por sexo e:

- Sistema Universitario de Galicia.
- Universidade.
- Campus.
- Tipo de centro.
- Réxime xurídico do centro.
- Rama de ensinanza.
- Ciclo.
- Tipo de acceso.
- Tipo de centro de acceso.
- Nacionalidade.
- Lugar de residencia habitual da familia.

- Galicia.
 - Provincia.
- Resto de España.
- Estranxeiro.

Acceso de alumnos a 1º ciclo con límite de prazas por sexo e:

- Prazas ofertadas/solicitadas/matriculadas.
- Preferencia de matrícula.

Acceso de alumnos a 2º ciclo por sexo e:

- Sistema Universitario de Galicia.
- Universidade.
- Campus.
- Tipo de centro.
- Réxime xurídico do centro.
- Rama de ensinanza.
- Ciclo.
- Nacionalidade.
- Lugar de residencia habitual da familia.
 - Galicia.
 - Provincia.
 - Resto de España.
 - Estranxeiro.

Alumnos matriculados en títulos de 1º e 2º ciclo por sexo e:

- Sistema Universitario de Galicia.
- Universidade.
- Campus.
- Tipo de centro.
- Réxime xurídico do centro.
- Rama de ensinanza.
- Ciclo.
- Curso.

- Idade.
- Nacionalidade. Español ou non, e no caso de ser estranxeiro, de que continente.
- Lugar de residencia habitual da familia.
 - Galicia.
 - Provincia.
 - Resto de España.
 - Estranxeiro.
 - Continente.

Alumnos graduados en títulos de 1º e 2º ciclo (curso anterior) por sexo e:

- Sistema Universitario de Galicia.
- Universidade.
- Campus.
- Tipo de centro.
- Réxime xurídico do centro.
- Rama de ensinanza.
- Ciclo.
- Idade.
- Nacionalidade. Español ou non, e no caso de ser estranxeiro, de que continente.

Alumnos de 3º ciclo

Alumnos matriculados en títulos de 3º ciclo por sexo e:

- Sistema Universitario de Galicia.
- Universidade.
- Campus.
- Rama de ensinanza.
- Idade.
- Nacionalidade. Español ou non, e no caso de ser estranxeiro, de que continente.
- Lugar de residencia habitual da familia.
 - Galicia.
 - Provincia.
 - Resto de España.

- Estranxeiro.
- Continente.

Alumnos graduados en títulos de 3º ciclo (curso anterior) por sexo e:

- Sistema Universitario de Galicia.
- Universidade.
- Campus.
